



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 326/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE ABRIL DE 2018.**

- 1.- Acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de abril, ordinaria do 5 de abril e extraordinaria e urxente do 9 de abril de 2018.

#### DEPORTES

- 2.- Subvención nominativa mediante convenio coa entidade Clube Balonmán Seis de Nadal-Coia para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de élite na tempada 2017/2018. Expte. 17012/333.
- 3.- Proxecto de convenio de colaboración coa Sociedade Viajes Santyago para a organización do Campionato internacional de 501 Dardos electrónicos Radikal. Expte. 17097/333.

#### EDUCACIÓN

- 4.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Educación durante o primeiro trimestre do ano 2018. Expte. 18809/332.
- 5.- Rectificación de erro no acordo da XGL de aprobación de "Subvención nominativa mediante o convenio de colaboración coa Federación Olívica de Asociacións de nais e pais de alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA), para o ano 2018". Expte. 21829/332.

#### EMPREGO

- 6.- Procedemento de pago de becas-axudas para os participantes da formación "Vigo polo emprego da mocidade 2018". Expte. 15148/77.

#### FESTAS

- 7.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados no Servizo de Festas durante o mes de marzo de 2018. Expte. 7420/335.

#### IGUALDADE

- 8.- Bases reguladoras e convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2018. Expte. 8256/224.

### NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 9.- Solicitud de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística. Expte. 2374/334
- 10.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de marzo de 2018. Expte. 2379/334.

### RECURSOS HUMANOS

- 11.- Nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa de actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do Imposto de actividades económicas -Dirección de Ingresos-) dun/dunha enxeñeiro/a técnico/a. Expte. 31570/220.
- 12.- Rectificación de erros contidos no anuncio do Boletín Oficial da Provincia -BOP, da Oferta de Emprego Público 2014, 2015 e 2016, na praza de Técnico de xestión. Expte. 31723/220.

### SERVIZO DO ÁREA DE CULTURA

- 13.- Subvención, mediante convenio coa Federación de Libreiros de Galicia, para o desenvolvemento das feiras do libro de Vigo 2018. Expte. 1822/330.

### SERVIZOS XERAIS

- 14.- Proposta de adxudicación da contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil. Expte. 5106/440.

### TURISMO

- 15.- Transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Convention Bureau para o seu funcionamento durante o exercicio 2018. Expte. 7026/104.

### XUVENTUDE

- 16.- Subvención nominativa, mediante convenio coa Asociación de Pais de minusválidos de Pontevedra (APAM), para a xestión dunha ludoteca de inclusión. Expte. 8563/336.
- 17.- Rogos e preguntas.



**Concello de Vigo**

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 326/1102

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **19 de abril de 2018, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez